

Paralizada a negociación da Carreira Profesional de forma unilateral
O SERGAS DESPRECIA Á ENFERMERÍA

CARREIRA PROFESIONAL
AGORA, A ENFERMERÍA

CIG-Saúde denuncia a actitude do Sergas ao paralizar de forma unilateral e inxustificada a negociación iniciada hai un mes para establecer un sistema de Carreira Profesional para o persoal de enfermería dos centros sanitarios públicos de Galicia.

A negociación da Carreira Profesional de Enfermería era un compromiso asumido entre a Administración e os Sindicatos dende hai máis dun ano, e era obrigado afrontala unha vez que xa está rematado e en vigor un acordo similar para o persoal médico e demais facultativos do Sergas.

Na negociación iniciada hai un mes, as propostas presentadas pola Consellería preveían o recoñecemento dunha Carreira Profesional estruturada en 4 Graos, que levaría asociado cada un deles un complemento retributivo propio. CIG-Saúde reclamaba nesta negociación un complemento de 2.400 euros anuais por cada grao de carreira recoñecido, mentras o Sergas ofertaba 1.450.

Agora, o Sergas paralizou unha negociación que afecta a un colectivo de 6.000 traballadores e traballadoras dos centros sanitarios, profesionais de enfermería nas súas diferentes categorías (enfermeiras, fisioterapeutas e matronas, así como terapeutas ocupacionais), que corren o risco de ver así frustrada a súa expectativa de recoñecemento da súa cualificación profesional.

Dende CIG-Saúde, sindicato de maior representatividade da enfermería e do conxunto do persoal dos centros sanitarios do Sergas, rexeitamos esta actitude da Administración de despreccio á enfermería e esiximos que se retomen con urxencia as negociacións que permitan implantar a Carreira Profesional tanto tempo esperada para este colectivo. Do contrario será imprescindible impulsar as medidas de protesta e de presión que o colectivo decida adoptar.

16 de xuño de 2005
CIG-SAÚDE

